



## Como traballar cando temos unha *reportaxe*?

A reportaxe é un xénero periodístico que presenta unha información extensa sobre un tema determinado, que non ten por que ser de estrita actualidade.

Da unha información obxectiva explicando as causas e as consecuencias do que se está a relatar. Pero tamén, recolle opinións e interpretacións de persoeiros especialistas ou testemuñas. Neste segundo caso, as palabras que din os protagonistas van entre comiñas e con cursiva, para distinguilas do resto do texto.

Vai ilustrada con fotografías, mapas, debuxos...que axudan a comprender a información.

A **estrutura** dunha reportaxe é a mesma que a da noticia:

### 1. Titular

É unha frase moi breve que recolle o significado da crónica.  
Debe ser breve. Escríbese en negriña e cun tamaño 24

( Os titulares teñen estas características:

Brevidade e claridade

Uso exclusivo de verbos e substantivos

Verbos en presente ou pretérito perfecto

Ausencia de signos de puntuación.)

### 2. Entrada ou encabezamento

É p primeiro parágrafo que segue os titulares. Resume o máis importante da crónica.  
Escríbese en cursiva ou negriña e o tamaño ven a ser

*Nome dos reporteiros*

### 4. Corpo da crónica.

É o desenvolvemento da noticia.

Escríbese formando columnas onde se van introducindo as imaxes.

**Como o traballo vai a colgarse na wiki, non utilicedes columnas, que dificultan a lectura.** Só cando teñades que engadir imaxes que as colcaredes á dereita ou á esquerda do texto. Se estas son moi grandes, podedes deixalas no centro.

No corpo da crónica poden aparecer títulos ou frases destacadas separando fragmentos.

A redacción da crónica debe responder a preguntas como:

Que? Quen? Por que? Cando? Onde? Como?

## **Como traballar cando temos unha *enquisa*?**

### **1. Antes da enquisa**

Documentarse

Seleccionar a quen vai dirixir a enquisa

### **2. Preparar a enquisa**

### **3. Facela na rúa**

### **4. Traballar cos resultados**

4.1 Pasar a información a un documento de excel

4.2 Facer gráficas para cada pregunta coas respostas obtidas

4.3 Usar as gráficas como imaxes no traballo

4.4 Sacar conclusións

Pode servir de exemplo este traballo realizado o ano pasado:

<http://biodiversidadeollosgrandes.wikispaces.com/5.d2+Investigaci%C3%B3n.Especies+invasoras>